



[Orde 4 de Febreiro do 2005](#) pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo, e se convocan para o ano 2025.

CALENDARIO DAS PROBAS 2025:

**Calendario de probas de acceso a ciclos medios e superiores de Formación Profesional
Convocatoria 2025**

Probas de acceso	Datas grao superior	Datas grao medio
Inscripción para a proba	24 febreiro – 12 marzo	24 febreiro – 12 marzo
Publicación das listaxes provisionais: -de inscrición -de exencións -de proba adaptada	21 marzo	21 marzo
Reclamación contra as listaxes provisionais	24 -28 marzo	24 – 28 marzo
Publicación das listaxes definitivas: -de inscrición -de exencións -de proba adaptada	11 abril	11 abril
Publicación dos centros públicos onde se realizarán as probas cos centros de inscrición que teñen adscritos	11 abril	11 abril
Celebración da proba	24 abril	15 maio
Publicación da listaxe de cualificacións provisionais	5 maio	26 maio
Reclamación contra a listaxe de cualificacións provisionais	5 – 9 maio	26 – 30 maio
Publicación da listaxe de cualificacións definitivas	6 xuño	12 xuño
Entrega de certificados nos centros	A partir do 9 xuño	A partir do 13 de xuño
Recursos contra as cualificacións definitivas de probas de acceso	9 xuño – 9 xullo	13 xuño – 13 xullo
Resolución administrativa	9 xuño – 30 setembro	13 xuño – 30 setembro

REQUISITOS DE INSCRICIÓN:

- CICLOS MEDIOS: Non cumprir requisitos de acceso directo e ter alomenos 17 anos no 2025.
- CICLOS SUPERIORES: Non cumprir requisitos de acceso directo e ter alomenos 19 anos no 2025.

CONSULTAR EXENCIONS E DOCUMENTACIÓN: [Orde 4 de Febreiro do 2005](#)



SOLICITUDE DE INSCRICIÓN:

- As solicitudes presentaranse **preferiblemente** por vía electrónica a través do formulario normalizado de solicitude, anexo I (código de procedemento ED312C), dispoñible na aplicación informática «Ciclosprobas» (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/Paxinalnicio.do>) accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.
- A solicitude **tamén pode entregarse na secretaría dun centro calquera que imparta FP**. Para isto hai que cumprimentar o documento (anexo I código de procedemento ED312C) a través da seguinte aplicación: [tps://www.edu.xunta.es/ciclosprobas/Paxinalnicio.do](https://www.edu.xunta.es/ciclosprobas/Paxinalnicio.do), e a continuación xerar o documento que se deberá imprimir e presentar nun centro educativo, éste tomarase como referencia para a asignación da sede de realización da proba de acceso.
- No caso de solicitantes menores de idade poderán realizar a solicitude a través da aplicación informática as persoas titulares da patria potestade ou os representantes legais.

PERSOAS QUE ACREDITEN DISCAPACIDADE OU TDAH:

- As persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% poderán solicitar (no momento da inscrición) as medidas ou os recursos adicionais necesarios para desenvolver a proba de acceso.
- Poderán solicitar (no momento da inscrición) a adaptación das probas as persoas diagnosticadas de trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), xuntaráselle a xustificación documental do diagnóstico de TDAH (informe médico e informe psicopedagóxico se o houbese).

CONSERVACIÓN DA CUALIFICACIÓN DAS PARTES SUPERADAS:

En caso de ter superada alguna parte da proba nas dúas convocatorias anteriores (2023 e 2024) pódese solicitar a conservación da cualificación, neste caso non é posible examinarse de novo das partes superadas.

VALIDEZ DAS PROBAS:

a) As probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior terán validez en todo o territorio do Estado. O acceso a cada ciclo formativo de grao superior quedará determinado de acordo coa partes específica da proba superada.

b) Quen realice a proba na Comunidade Autónoma de Galicia e non a supere na súa totalidade poderá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco en futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos en Galicia, durante os dous anos seguintes.

DATAS E HORARIOS DA PROBA: Acudir á proba co DNI e a copia do impreso de inscrición que se realizou.

As **probos de acceso aos Ciclos de Grao Medio** terán lugar o día **15 de maio de 2025** no seguinte horario :



- Ás 9.00 horas: presentación.
- Das 9.30 ás 13.00 horas: parte matemática (matemáticas) e parte sociolingüística (lingua castelá, lingua galega, ciencias sociais).
- Das 16.00 ás 18.00 horas: parte científico-técnica (ciencias da natureza, tecnoloxía).

As **probas de acceso aos Ciclos de Grao Superior** terán lugar o día 24 de abril de 2025 no seguinte horario:

- Ás 9.00 horas: presentación.
- Das 9.30 ás 13.00 horas: Parte común da proba (matemáticas, lingua galega e lingua castelá).
- Das 16.00 ás 18.30 horas: Parte específica da proba (materias específicas da opción vinculada ao ciclo formativo ao que se desexe acceder, segundo o anexo II e VII da resolución).

OPCIÓN DA PARTE ESPECÍFICA DA PROBA PARA A CAL SOLICITA A INSCRICIÓN

- | | | |
|--|---|--|
| <input type="radio"/> Opción A (elixa dúas materias). | <input type="radio"/> Opción B (elixa dúas materias). | <input type="radio"/> Opción C (elixa dúas materias). |
| <input type="checkbox"/> Economía da Empresa. | <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico. | <input type="checkbox"/> Ciencias da Terra e Ambientais. |
| <input type="checkbox"/> Lingua Estranxeira (seleccione unha). | <input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial. | <input type="checkbox"/> Química. |
| <input type="radio"/> Inglés. | <input type="checkbox"/> Física. | <input type="checkbox"/> Bioloxía. |
| <input type="radio"/> Francés. | | |
| <input type="checkbox"/> Filosofía. | | |

Proba de acceso superada	Familias profesionais e ciclos formativos a que dá acceso
Opción A	Administración e Xestión.
	Comercio e Márketing.
	Hostalaría e Turismo.
	Servizos Socioculturais e á Comunidade.
	Ciclo superior de Produción de Audiovisuais e Espectáculos (da familia profesional de Imaxe e Son).
Opción B	Artes Gráficas.
	Edificación e Obra Civil.
	Electricidade e Electrónica.
	Enerxía e Auga.
	Fabricación Mecánica.
	Industrias Extractivas.
	Informática e Comunicaciós.
	Instalación e Mantemento.
	Imaxe e Son (agás o ciclo superior de Produción de Audiovisuais e Espectáculos).
	Madeira, Moble e Cortiza.
	Marítimo-pesqueira (agás o ciclo superior de Acuicultura).
	Transporte e Mantemento de Vehículos.
	Téxtil, Confección e Pel.
Vidro e Cerámica.	
Opción C	Agraria.
	Actividades Físicas e Deportivas.
	Imaxe Personal.
	Industrias Alimentarias.
	Ciclo superior de Acuicultura (da familia profesional Marítimo-Pesqueira).
	Química.
Seguridade e Ambiente.	
Sanidade.	



INFORMACIÓN IMPORTANTE PARA ESTA CONVOCATORIA:

Ciclos Medios: [Enlace para consultar a seguinte información.](#)

- Acceso á nota informativa.
- Instrucións para facer a solicitude e para a realización da proba.
- Consultar lugares para celebración da proba 2025, listaxes de inscritos, de exencións, notas...

Ciclos Superiores: [Enlace para consultar a seguinte información.](#)

- Acceso á nota informativa.
- Instrucións para facer a solicitude e para a realización da proba.
- Consultar lugares para celebración da proba 2025, listaxes de inscritos, de exencións, notas...

ENLACES PARA INFORMARSE:

- [Enlace inscrición telemática.](#)
- [Exames de convocatorias anteriores: Ciclos superiores](#)
- [Exames de convocatorias anteriores: Ciclos medios](#)